



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Expte. Deputación: 2017016908
Expte. Subvención: 941/2017
Expte. Contratación: 3528/2019

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Tipo de contrato: OBRAS	
Obxecto do contrato: HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA.	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado con división en lotes .	
Tramitación: Ordinaria.	
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas.	
Prezo estimado: 122.076,15 €	IVE: 25.635,99 €
Orzamento base de licitación: 147.712,14 €	
Duración: 3 MESES	

PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co establecido no artigo 25 d), da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local o Concello ten a competencia do “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Tal e como se desprende da memoria do proxecto redactado polos Enxeñeiros, D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro, esta actuación en xeral ten por obxecto a realización de diversas obras que mellorarán as rúas Ourense e Pontevedra, quedando perfectamente definido o obxecto do contrato.

Como se dicía anteriormente, as obras pretenden mellorar ámbalas rúas, no caso das beirarrúas hai zonas de estreitamentos ata os 0,90 m., con losetas levantadas que poden dificultan a circulación de peóns e a zona de rodadura dos vehículos atópase en bastante mal estado.

No que respecta aos servizos urbanos, débese indicar que existe unha soa rede de saneamento polo medio do vial que recolle as augas fecais e pluviais mesturadas, polo que procede a súa separación.

En canto ao alumeadado preténdese instalar novas farolas con luminarias Leds para mellora-la eficiencia enerxética do alumeadado en ámbalas rúas.



FOTOS 1-2: RÚA OURENSE



SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido no proxecto das obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA**”, redactado polos Enxeñeiros, D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Expte. Deputación: 2017016908
Expte. Subvención: 941/2017
Expte. Contratación: 3528/2019

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

As actuacións executaranse nas rúas Ourense e Pontevedra, ámbalas rúas de único sentido de circulación. Na rúa Ourense dende a Rúa San Francisco ata a Praza Ramón Cabanillas e na rúa Pontevedra dende a Praza Ramón Cabanillas á Rúa San Francisco.



O proxecto contempla a realización dos traballos seguintes:

► **RUA OURENSE.**- A actuación na rúa Ourense consiste na urbanización da mesma mediante a execución das seguintes actuacións:

- *Reordenación e optimización dos espazos públicos, delimitando as beirarrúas e o vial de circulación, satisfacendo as esixencias da lei de accesibilidade de Galicia.*
- *Pavimentación do vial de circulación por medio de adoquíns de pedra rústico de color gris.*
- *Pavimentación das beirarrúas con lousas de granito gris alba seleccionado, creando un itinerario peonil cunha sección mínima de 1,80 m.*
- *Execución dunha nova rede de alumado público, con instalación de novos farois, con iluminación leds, de baixo consumo para mellorar a eficiencia enerxética das rúas.*
- *Execución dunha rede de saneamento de pluviais, separativa das fecais, con instalación de novos imbornais e pozos de rexistro.*
- *Colocación de cubrecontenedores para redución de impacto visual dos contenedores de recollida de lixo.*

► **RÚA PONTEVEDRA.**- A actuación na rúa Pontevedra consiste na urbanización da mesma mediante a execución das seguintes actuacións:

- *Reordenación e optimización dos espazos públicos, delimitando as beirarrúas e o vial de circulación, satisfacendo as esixencias da lei de accesibilidade de Galicia.*
- *Pavimentación do vial de circulación por medio de adoquíns de pedra rústico de color gris.*
- *Pavimentación das beirarrúas con lousas de granito gris alba seleccionado, creando un itinerario peonil cunha sección mínima de 1,80 m.*



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Expte. Deputación: 2017016908
Expte. Subvención: 941/2017
Expte. Contratación: 3528/2019



- *Execución dunha nova rede de alumeado público, con instalación de novos farois, con iluminación leds, de baixo consumo para mellorar a eficiencia enerxética das rúas.*
- *Execución dunha rede de saneamento de pluviais, separativa das fecais, con instalación de novos imbornais e pozos de rexistro.*
- *Colocación de cubrecontenedores para redución de impacto visual dos contenedores de recollida de lixo.*

Por outra banda, o Concello de Cambados non dispón de medios persoais e materiais axeitados para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer coa presente contratación.

TERCEIRO.- O proxecto das obras de “**HUMANIZACIÓN DAS RÚAS OURENSE E PONTEVEDRA**”, foi supervisado e aprobado por Decreto desta Alcaldía, de data 27/03/2017.

Investimento total segundo se desprende do proxecto:

Execución material	102.585,00
13% Gastos xerais	13.336,05
6% Beneficio industrial	6.155,10
Valor estimado	122.076,15
21% IVE	25.635,99
Presuposto base de licitación	147.712,14

CUARTO.- DIVISIÓN EN LOTES. En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establécense os lotes seguintes:

LOTE 1.- RÚA OURENSE		
Execución material		47.162,77
Gastos xerais 13%	6.131,16	
Beneficio industrial 6%	2.829,77	8.960,93
Valor estimado do contrato		56.123,70

LOTE 2. - RÚA PONTEVEDRA		
Execución material		55.422,23
Gastos xerais 13%	7.204,89	
Beneficio industrial 6%	3.325,33	10.530,22
Valor estimado do contrato		65.952,45

Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTE
1.- RÚA OURENSE	56.123,70	11.785,98	67.909,68
2.- RÚA PONTEVEDRA	65.952,45	13.850,01	79.802,46
<i>Investimento total proxecto.</i>	122.076,15	25.635,99	147.712,14

QUINTO.- FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO.- No expediente n.º 941/2017, consta a solicitude de subvención, tramitada ante a Excm. Deputación Provincial, ao abeiro das “Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos, Plan Concellos 2017”, publicadas no BOPPO, nº 249, do 30/12/2016, para levar a cabo o investimento denominado “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA-2017016908**”, así como a notificación da resolución concesión



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Expte. Deputación: 2017016908
Expte. Subvención: 941/2017
Expte. Contratación: 3528/2019



de axuda, por importe **147.712,14 €**, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

Investimento	Orzamento base licitación	Subvención PC2017	Fondos Municipais
Humanización da Rúa Ourense e Rúa Pontevedra	147.712,14	147.712,14	0,00

A mencionada subvención foi aceptada por Decreto desta Alcaldía, de data 25/05/2017.

SEXTO.- ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN. O Concello de Cambados non dispón de medios nin materiais nin persoais para acomete-las obras por si, polo que resulta necesario tramita-lo correspondente expediente para a contratación das mencionadas obras.

Á vista do establecido no artigo 159.1 da LCSP, o contrato adxudicarase por **procedemento aberto simplificado con división en lotes**, dado que o valor estimado do contrato non supera a cantidade de 2.000.000,00 €.

En Cambados. Asinado electronicamente.